

O cantante e multiinstrumentista Pablo Díaz acaba de publicar o libro-disco 'Tic Tac', editado por Kalandraka e ilustrado por Marc Taeger ■ Santiago Auserón é o autor do prólogo

O reloxo vai soar



LUPE GÓMEZ

Pablo Díaz canta e baila dende neno. A súa vida sempre estivo vinculada á música tradicional. Pensa que “a música e a literatura deberían estar máis relacionadas, porque as cancións axúdanlles aos nenos a ler mellor e entender as matemáticas.” El é unha persoa atenta, cariñosa. Ten ollos e voz de neno, aínda aos 37 anos. A súa elegancia vén do pasado, dos gaiteros, das pandereteiras. O libro-disco *Tic tac*, que combina música e ilustración para público infantil a partir de 3 anos, comeza pola mañá co soar do reloxo —cando hai que levantarse para ir ao colexio. As cancións van contando o que sucede durante un día calquera. A viaxe remata cun fermosísimo arrollo, cantado por Guadi Galego, para durmir felices. O reloxo avísanos da hora aínda que sexamos pequenos e non entendamos o funcionamento das agullas. Mantennos atentos e espertos na vida. Nas cancións de Pablo Díaz hai moita poesía: “Querote xirafa, quero estar contigo, seremos sempre amigos, xirafa e crocodilo.”

Que recordos tes da túa infancia? A que xogabas cando eras neno?

A miña relación co folklore empezou aos cinco anos, en Fene. Entrei nun grupo de baile que se chamaba “As buxainas”. Gustábame bailar. Cheguei a facer xiras con Susana Seivane e Leilía. Sigo sendo bailarín. Creo que a rítmica do baile e os movementos son moi importantes. Vin xogos tradicionais como o trompo. Meu pai, que traballaba en Astano, facíame buxainas. Pasei por varios grupos de baile. Empecei aprendendo cousas do pasado, da Sección Feminina. Aos dezaioito anos vin bailar xente maior e decidín facer investigación etnográfica de campo e percorrer as aldeas.

Que aprendiches coas xentes do rural galego?

Era o rural dos anos 90-91, cando aínda non había moitas estradas e non existía *Luar* na televisión. Eran anos de certo desconcerto porque ías facer recollida etnográfica con xente de setenta ou oitenta anos e sorprendíanse de que te interesases por eles. Gardo moitos recordos desa época. Lembro como nos acollían en Lugo, Ourense. A xenerosidade da xente da montaña. Querían que quedásemos con eles durmir. Era moi bonito. Son da opinión de que hai que escoitar os maiores e os nenos, e facer de canle de transmisión entre eles. Colaboro tamén no programa “*O recuncho da palleta*” da Radio Galega. Todo iso é o que me retroalimentou para facer *Tic tac*. Ese universo que está inme-



Pablo Díaz contou coa colaboración de Guadi Galego para o seu novo traballo

rso en min, esas cousas do folklore.

Cres que en Galicia hai pouquísima música para nenos?

Hai cousas moi boas como “Mamá Cabra” pero son casos puntuais. Hai poucos grupos estables. Igual que saen centos de discos ao ano, sae unha parte moi pequena para o público infantil. Están tamén Pés de La pero eu vexo moita escasez. Trátase de facer cousas específicas e pensadas para os nenos e nenas. Fago dúas ou tres sesións de contacontos todos os días iso axuda moito. Son mestre de pandeireta, baile e gaita. Axudoume para

HAI RAPACES GALEGOS QUE NON SABEN QUE SIGNIFICA 'CAN'

poder contar coa opinión dos nenos, e dos meus propios fillos. Servíume como campo de experimentación. Puiden probar as cancións con eles.

O cantante Santiago Auserón, autor do prólogo de 'Tic tac', foi quen te animou a facer este traballo?

El foi quen máis me animou. Eu presenteime ao concurso *Coruña Son* e cando escoitou as miñas cancións díxome que eran “moi visuais” e quedarían ben nun álbum ilustrado. Propúxenlle facer o prólogo e escribiu cousas preciosas. Eu xa era seguidor de Auserón nos anos 80. Acórdome de Juan Perro, Radio Futura. Paréceme unha persoa moi impactante. Participei nun obradoiro con el e aprendín

moitísimo. Tiven unha conversa persoal con el e quedei impresionado.

Como son os talleres de animación á lectura que realiza a editorial Kalandraka en concellos galegos?

Facemos catro ou cinco contos e levamos dez ou doce instrumentos. É a explicación da música tradicional. Musicamos unha parte dos contos e eu fago algún papel, de ogro ou do que sexa. Vou facendo eses tramos do conto con instrumentos como pandeireta, pandeiro, castañolas, asubíos. Non levo gaita porque non me gusta que soe desafinada. Os nenos fan preguntas sobre os instrumentos. Desmonto os instrumentos. Fago que rompen, para que sexa gracioso. Desmonto o clarinete e fago que sigo tocando. Normalmente actuamos en bibliotecas para que os nenos se animen a visitar eses lugares. Levo cinco cursos facendo contacontos.

Hai que tratar os nenos e nenas como seres intelixentes? Tes con eles afinidade e complicidade?

Hai que saber escoitalos. Non presuporner cousas que á veces presupoñemos os adultos. Hai certos clichés como pensar que os nenos non entenden certas cousas ou non saben discernir. Hoxe adiantouse a súa etapa de maduración. Hai que darlles confianza e escoitalos, igual que ás persoas maiores. Ao final dos contacontos, os nenos veñen a darme un bico ou un abrazo. Ou dinme: “gústame a túa música”, “quero aprender a tocar o clarinete”. Moitos músicos empezaron porque os padriños lles regalaban harmónicas. Eu levo a harmónica e tó-

coa e dígolles “mira que fácil é”. Anímoo a bailar e tocar instrumentos. É unha escoita colectiva.

Os nenos e nenas representan o futuro da lingua e cultura galegas?

No momento e no contexto lingüístico en que estamos é fundamental facer traballos deste tipo para que os nenos vexan o galego como algo lúdico e non como unha carga. É importante que sintan cariño pola lingua. Hai que animalos a cantar, bailar e relacionalos co teatro e coa expresión corporal. Hai un conto que se titula *Amelia quiere ter un can* e algúns nenos preguntánnos “que é un can?” e entón ves a ruptura que hai e da que non nos decatamos. No disco *Tic tac* hai un vocabulario variado. Máis que un traballo didáctico, é un traballo lúdico.

O 'Rock do porco celta' fala dun cocho moi rebuldeiro e feliz. Coas túas cancións tentas transmitir ilusión e ganas de vivir?

É unha canción relacionada co rock, co seu espírito transgresor e de liberdade. É un porco ao que lle gusta gozar e viaxar en ala delta. No fondo está a idea de gozar da música. Dende unha perspectiva folk gústame que os nenos vexan distintas rítmicas, outras músicas do mundo. Non son ritmos puros pero serven de pretexto para traballar con eles. Na música galega recórrese moito á morriña. Eu busco o contrario, un espírito positivo, alegre. Animar os nenos para cantar en galego, sen prexuízos.

Outra canción di así: “Eu teño oito anos e chámome Antón e gústame

ler libros a montón.” A lectura resulta interesante para os nenos?

Creo que está habendo un repunte na literatura infantil. Hai lectores potenciais e lectores reais. Aos nenos gústalles ler porque no mundo dos contos atopan un agocho. Non necesitan grandes pantallas nin Disney para sentir cousas. Cando queren ter unha parcela de intimidade, van ler. Aínda que sexan pre-lectores buscan a súa propia historia nos libros, nas ilustracións. Neste disco queren ver as ilustracións ao mesmo tempo que escoitan as cancións. É unha forma de abrir o seu mundo á imaxinación.

As ilustracións de Marc Taeger acompañan e complementan o teu mundo imaxinario?

Marc foi escoitando as probas de voz e guitarra. No disco participamos trinta persoas e creo que o resultado é moi compacto. Marc fixo as ilustracións cunha técnica antiga, o linogravado. Son como planchas marróns de goma, que se van cincelandos, recortando, e quedan planchas para imprimir. Era a técnica coa que se imprimían antes os libros. El emprega unha técnica distinta en cada álbum. Como eu viña da música tradicional, el empregou a técnica que vén de atrás, do pasado.

Na túa ópera prima contas con colaboradores tan importantes como Guadi Galego, Carmen Rey e o teu irmao Xabier Díaz.

Son solistas moi recoñecidos. A nivel de coros tiven o meu grupo Ruote, que vai cumprir catorce anos. E *As axeitadiñas*, unhas pandereteiras alumnas miñas. Teñen entre 16 e 17 anos e eu quería que participasen no disco. Carmen Rey é profesora miña de canto. É a modernidade que busco, a outra visión da música. Teño unha grande admiración polo meu irmán. Sempre foi “por diante miña”. Guadi ten esa voz tan lírica e bonita para os arrollos. *Tic tac* empeza co espertar e remata co durmir. Ten esa cousa cíclica de levantarse e deitarse. Pode ser como a vida dun día calquera.

Aos nenos failles graza levar reloxo aínda que non saiban mirar a hora. Ti normalmente levas reloxo?

O meu fillo Alberte, cando tiña un ano, movía o dedo de forma pendular ao ver un reloxo e deume a idea da primeira canción do disco. Os nenos aínda non saben mirar as agullas, e queren saber. O reloxo é unha cousa sinxela que lles segue a chamar a atención. Cando poñen reloxo van moi contentos aínda que non saiban mirar a hora. Eu collecciono reloxos antigos. Gústame porque forman parte do traxe galego. Os gaiteros lévano coa cadea. Eu non o uso porque non me acordo de quitalo cando toco a pandeireta e acabo destruíndoo. Agora o teléfono móbil resulta cómodo e práctico para saber a hora. ●